

GALICREQUES 2010 - CONCELLO DE CULLEREDO

HORARIOS, DATAS DE ACTUACIÓN E INFORMACIÓN DOS ESPECTÁCULOS

Luns 4 / 11:30 h. CEIP Isaac Díaz Pardo



NOME DA COMPAÑÍA: Teatro Estatal de Marionetas de Varna

PROCEDENCIA: Bulgaria

TÍTULO DO ESPECTÁCULO: Allegro Vivace

TÉCNICA: Actores e títeres

IDIOMA: Sen palabras

DURACIÓN: 50 minutos

IDADES RECOMENDADAS: A partir de 4 anos

SINOPSE: Allegro Vivace é un divertido espectáculo no que unha vez máis nos encontramos co encanto único dos monicreques e as súas increíbles posibilidades. A capacidade dos monicreques de facernos sorrir e provocar no auditorio emocións positivas e vivificantes, serve como o tema do espectáculo.

Aos actores reprimidos por pensamentos penosos contrapóñense a despreocupación e a vitalidade dos monicreques que afortunadamente non sofren dos problemas humanos. No marco de 1 hora, os espectadores van ser testemuñas dun alegre e atractivo encontro entre actores e monicreques, nunha divertida batalla para o bo humor.

NECESIDADES TÉCNICAS:

Espazo: interior ou aire libre

Son: Equipo de son con CD-Player e un micrófono inarámico, monitores.

Iluminación: 6 focos PC de 1000 w, 4 recortables y 4 par 64

Outros: un técnico para manipular a iluminación e o son.

tempo de montaxe: 3 horas (interior), 2 horas (exterior) **Tempo de desmontaxe:** 1 hora.

Martes 5 / 11:30 h. CEIP Ría do Burgo



NOME DA COMPAÑÍA: Fundus-Marionetten-Dresden

PROCEDENCIA: Alemania

TÍTULO DO ESPECTÁCULO: Circo Gockelini

TÉCNICA: marionetas

IDIOMA: inglés

DURACIÓN: 45 minutos

IDADES RECOMENDADAS: a partir de 3 anos

SINOPSE: O señor Stengelini é un bo xerente de circo. O seu circo é o único en Europa que ten animais artistas! Despois de traballar moi duro, vén a presentarnos na súa gala á xoaniña Marinus Marini, que se volve cada vez máis

grande; á curuxa Eulalia, bailarina do ventre; á muller de Gockelini que é unha galiña equilibrista e a moitos outros animais como raposos, ras, ratos e ourizos.

NECESIDADES TÉCNICAS:

Espazo: interior ou aire libre, é necesaria unha tarima de non máis de 35 cm de alto e 40 cm de longo x 30 cm ancho (para facilitar as funcións esta tarima xa a achegará a organización)

Son: Equipo de son con CD-Player, un micrófono inarámico.

Iluminación: 2 focos PC.

Outros: un técnico para manipular a iluminación e o son.

tempo de montaxe: 1 hora. **Tempo de desmontaxe:** 45 minutos

Mércores 6 / 11:30 h. CEIP de Tarrío



NOME DA COMPAÑÍA: Sri Anura Puppet Society

PROCEDENCIA: Sri Lanka

TÍTULO DO ESPECTÁCULO: Traditional dances in Sri Lanka

TÉCNICA: fíos

IDIOMA: Musical e xestual

DURACIÓN: 40 minutos

IDADES RECOMENDADAS: tódolos públicos

SINOPSE: A tradición das marionetas sen Sri Lanka ven desde fai 250 o 300 anos. Nalin Gambary empezou a manipular marionetas de fio desde mozo, acompañado e inspirado polo seu pai e é experto en talla, fabricación e animación, cantando e improvisando o diálogo. Os títeres, que parecen vivos cos dedos máxicos de Nalin fannos un recorrido polas danzas tradicionais de Sri Lanka.

NECESIDADES TÉCNICAS:

Espazo: interior ou aire libre

Son: Equipo de son con CD-Player e un micrófono inarámico.

Iluminación: 2 focos PC e 4 par 64

Outros: un técnico para manipular a iluminación e o son.

tempo de montaxe: 2 horas. Tempo de desmontaxe: 1 hora

Xoves 7 / 11:30 h. Edificio de Servizos Múltiples



NOME DA COMPAÑÍA: Beto Hinça Teatro de Marionetas

PROCEDENCIA: Brasil

TÍTULO DO ESPECTÁCULO: "A História de um cão"

TÉCNICA: Marionetas de fio e outras

IDIOMA: Sen palabras

DURACIÓN: 47 minutos

IDADES RECOMENDADAS: a partir de 4 anos

SINOPSE: Trátase dun espectáculo de marionetas de fíos onde o protagonista é un can que vive nunha casa coa súa muller. Como a todos os cans encántalle brincar e ladrar todo o tempo. Corre detrás das galiñas, busca restos no lixo e peléxase co gato. De noite, cando a súa muller

dorme, ladra e molesta a todo o mundo. É a historia dun can que vive meténdose en problemas!

NECESIDADES TÉCNICAS:

Espazo: interior

Son: propio

Iluminación: propia

Outros: tempo de montaxe: 2 horas. Tempo de desmontaxe: 1 hora e media

Venres 8 / 11:30 h.CEIP Sofía Casanova



NOME DA COMPAÑÍA: The Fifth Wheel

PROCEDENCIA: Alemaña

TÍTULO DO ESPECTÁCULO: Cabaret on strings (El cabaret de las cuerdas)

TÉCNICA: Marionetas de corda

IDIOMA: Sen palabras

DURACIÓN: 45 minutos

IDADES RECOMENDADAS: A partir de 5 anos.

SINOPSE: Este Cabaré é unha brillante combinación de música, danza e humor. Os espectadores gozarán coas cancións mexicanas e os pasos afro-americanos. Eles

poderán ver a un celoso marido oriental e a Belly unha fermosa e sedutora bailarina; Tabor, o apaixonado xitano e un lánguido dúo a piano da Época da Decadencia, bailaríns de Rock-n-roll xunto a esqueletos e outras divertidas e románticas escenas. Un espectáculo único e orixinal cun apaixonante ritmo que fará as delicias dos espectadores.

NECESIDADES TÉCNICAS:

Espazo: en caso de que non sexa nun teatro, unha tarima de 6 x 6 de mínimo 80 cm de altura.

Son: Equipo de son con CD-Player.

Iluminación: 6 focos PC como mínimo.

Outros: un técnico para manipular a iluminación e o son.

Tempo de montaxe: 3 horas. **Tempo de desmontaxe:** 2 horas.